



BASES DO IX CERTAME AUDIOVISUAL DE CURTAS “ALBERTO ROMERO” (2024-2025)

Correo electrónico de contacto: info@albertoromero.org

- a) CATEGORÍA DE PRIMARIA PARA CENTROS EDUCATIVOS DA MANCOMUNIDADE BARBANZA AROUSA**
- b) CATEGORÍA DE SECUNDARIA PARA CENTROS EDUCATIVOS DA MANCOMUNIDADE BARBANZA AROUSA**
- c) CATEGORÍA DE DIVERSIDADE FUNCIONAL ABERTA A TODA GALICIA**
- d) CATEGORÍA LIBRE ABERTA A TODA GALICIA**
- e) CATEGORÍA ESPECIAL “BARBANZA AROUSA” ABERTA A TODOS OS PÚBLICOS E A TODA GALICIA**

1. (a) Poderán participar e optar aos premios escolares calquera estudante ou grupo de estudantes de todos os centros de primaria (cursos 1º a 6º), secundaria (ESO) e bacharelato (ou equivalente) dos concellos da mancomunidad Barbanza Arousa (Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Ribeira).

(b) Poden participar na categoría de diversidade funcional as persoas usuarias de centros e asociacións de diversidade funcional de toda Galicia.

(c) A categoría libre está aberta tamén a toda Galicia para todas aquelas persoas ou grupos de persoas que desexen participar e non entren en ningunha das categorías anteriores (estudantes ou non). Nesta categoría tamén se aceptan traballos de fóra de Galicia, sempre e cando estean elaborados en lingua galega e/ou teñan clara vinculación coa cultura galega.

(d) A categoría especial, nomeada “Barbanza Arousa”, está aberta a todos os públicos e a toda Galicia, supeditada ao exposto no punto 4.

Cada participante, grupo ou centro poderá inscribir tantos traballos como desexe.

2. Os traballos de carácter individual ou colectivo deberán axustarse ao formato de vídeo edición dunha curtametraxe de ficción ou dun documental que, preferentemente, non superen os 5 minutos de duración, e en ningún caso os 10 minutos. Os traballos deberán ser entregados, preferentemente, a través de Youtube ou Vimeo, enviando os datos de inscrición e ligazón do vídeo a través do formulario web en albertoromero.org. Poderanse inscribir de forma pública ou oculta pero a Organización do Certame deberá ter acceso a eles.

3. A temática será completamente libre (salvo na categoría “Barbanza Arousa”) e os vídeos deberán ser orixinais. Non se admitirán vídeos que teñan un claro contido sexista, racista, ou calquera outra manifestación de discriminación. Recoméndase que os contidos sexan aptos para todos os públicos.

4. A categoría “Barbanza Arousa” pódese definir como unha categoría territorial co obxecto de poñer en valor o territorio e difundir os recursos turísticos entre residentes e visitantes cunha temática que cambiará cada ano. Na presente edición, establécese que a temática sexa o “NOSO MAR”. A idea é

poñer en valor o noso mar, a nosa Ría de Arousa como protagonista na vida diaria da xente dos nosos concellos, e tamén na das persoas que nos visitan que desfrutan do noso mar, praias e paisaxes. Plasmar como o mar nos provee e marca a nosa forma de vida, cultura, traballo, ocio e lecer.

5. Os traballos deberán ser orixinais e propiedade das persoas participantes. Se fan uso de recursos con dereitos de autor, a responsabilidade de uso recaerá sobre os creadores do vídeo. Aínda que os dereitos do material entregado pertencerán sempre ás persoas autoras, coa aceptación das bases autorízase a difusión e proxección dos traballos por parte da organización do certame, así como o uso dos datos e imaxes das participantes. A responsabilidade da difusión de imaxes de menores recaerá sempre nas persoas autoras da obra e quen realiza a inscrición. Os vídeos da categoría “Barbanza Arousa” poderán ser utilizados e difundidos pola Asociación e a Mancomunidade para fins de promoción do noso territorio.

6. Valorarase especialmente a capacidade do vídeo para conectar co público, así como a súa complexidade, orixinalidade e o seu valor estético. Tamén se valorará a contribución dos traballos á normalización do uso da lingua galega, así como a súa capacidade de espertar o espírito crítico fronte á sociedade na que vivimos.

7. Os vídeos deberán entregarse (inscribirse) entre as datas do 01 de outubro de 2024 e 28 de febreiro de 2025. A entrega de cada curta debe ir acompañada de tódolos datos requiridos nos formularios de inscrición (dispoñibles na web albertoromero.org unha vez aberta a convocatoria). A ligazón do vídeo debe ser válida como mínimo ata o 31 de maio de 2025, e debe ser unha produción de 2023, 2024 ou 2025.

8. Os vídeos finalistas participarán na novena edición do certame audiovisual de curtas “Alberto Romero” optando aos seguintes premios:

- Premio dotado con 300 € para estudantes de Primaria (1º a 6º) de centros dos concellos da mancomunidade Barbanza Arousa.
- Premio dotado con 300 € para estudantes da ESO e Bacharelato (ou equivalentes) de centros dos concellos da mancomunidade Barbanza Arousa.
- Premio dotado con 300 € para centros de Diversidade Funcional, aberta a toda Galicia.
- Premio dotado con 600 € para categoría Libre, aberta a toda Galicia.
- Premio dotado con 300 € para categoría “Barbanza Arousa”, aberta a toda Galicia.

9. Os premios poderán quedar desertos se ningún dos vídeos participantes reúne un mínimo de calidade, a discreción do xurado. O xurado estará composto por representantes técnicos da Asociación, colaboradores e profesionais do sector audiovisual.

10. Nas tres primeiras categorías é necesario que as rapazas e os rapaces formen parte da obra, participen na súa produción, interpretación, etc. O profesorado pode axudar e orientar nestas producións, pero non levala a cabo na súa integridade. Nese suposto, as obras terían que inscribirse na categoría Libre ou “Barbanza Arousa”.

11. A entrega de premios terá lugar nunha gala de presentación que se celebrará no mes de abril de 2025, e poderá ter acceso limitado. Nas semanas previas á gala comunicáremonos coas persoas participantes dos vídeos nomeados.

12. As persoas menores de idade participarán no Certame baixo a responsabilidade do seu titor/a legal e terán que vir acompañadas á Gala dunha persoa maior de idade responsable.

13. Toda a información estará dispoñible na páxina web: albertoromero.org.

14. Os datos de carácter persoal serán tratados de acordo co vixente Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD).

Organizado por: Asociación Cultural Alberto Romero.

En colaboración cas ANPAs e a Mancomunidade de Barbanza Arousa.